DON JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA , na súa calidade de VICE-PORTAVOZ do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCION, para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal

MOCION PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO DE CONSTRUCCIÓN DA RONDA URBANA ENTRE A RUA OURENSE A NACIONAL 120.

EXPOSICION DE MOTIVOS.

O pasado 17 de Novembro 2023 coñecíamos a firma dun convenio entre o Concello de Monforte, a Deputación de Lugo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana para a construción da Ronda Urbana que conectaría a Rúa Ourense e a Nacional 120, finalizando así una ronda fundamental para a mellora do trafico de Monforte.

A execución desta nova ronda de 1,2 km entre a N-120 A e a N-120 seria fundamental para a mellora de tráfico na cidade permitindo a súa redución no casco urbano de MONFORTE. Esta ronda sería moito máis útil que a Ponte que se pretende construír no Paseo do Malecón.

Esta ronda, facilitaría enormemente os desprazamentos cara as zonas da periferia, así como os accesos as estradas da comarca evitando coches no centro da cidade.

Sen embargo, tres anos despois, como tantos outros anuncios do Señor Alcalde, nada se sabe. Una obra tan importante e necesaria, estimada no seu momento en sete millóns e medio, paralizada, mentres este equipo de goberno empeñado en gastar cinco millóns, tamén xunto coa deputación, nunha ponte no Paseo do Malecón menos útil e estratéxica para a cidade.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo para o seu debate e , se procede , a súa aprobación no Pleno da Corporación Municipal :

1º instar o equipo de goberno a executar o convenio firmado en Novembro de 2023 xunto co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; e a Deputación de Lugo, de construción da ronda urbana de conexión entre a Rúa Ourense e a Nacional 120.

2º Elevar esta proposta de acordo a o Ministerio de Transportes, Mobilidade, e Axenda Urbana, e a Deputación de Lugo, para que cumpran a súa parte do convenio citado.